

VI. ANUNCIOS**C) OUTROS ANUNCIOS****AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO**

ANUNCIO de convocatoria de praza de persoal laboral fixo correspondente á estabilización de emprego.

A Autoridade Portuaria de Vigo, ao abeiro do establecido no Real decreto 211/2019, do 29 de marzo, polo que se aproba a oferta de emprego público para o ano 2019, realiza convocatoria para cubrir unha praza de persoal laboral fixo suxeito a convenio colectivo correspondente á estabilización de emprego polo procedemento de concurso:

- 1 praza de responsable de Comunicación e Imaxe GII BI N8.

As bases da convocatoria e os impresos de solicitude están dispoñibles na páxina web da Autoridade Portuaria de Vigo www.apvigo.es, na páxina web de Portos do Estado www.puertos.es e na páxina www.administracion.gob.es.

As solicitudes deberán presentarse, no prazo de vinte (20) días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, no Rexistro Xeral da Autoridade Portuaria de Vigo, das 9.00 ás 14.00 horas, nos rexistros a que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, ou telematicamente a través da páxina web <https://sede.apvigo.gob.es>. Se o último día do prazo coincide en sábado, domingo ou festivo, este finalizará o seguinte día hábil.

Vigo, 30 de setembro de 2020

Enrique César López Veiga
Presidente da Autoridade Portuaria de Vigo

